

CONVOCATORIA DE PROPOSTAS DE ESTUDOS PROPIOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2026-2027

En uso das atribucións conferidas nos Estatutos da Universidade, e conforme o establecido no Regulamento de Estudos Propios da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno de 30 de marzo de 2023, esta Reitoría resolve publicar a “Convocatoria de propostas de estudos propios para o curso académico 2026-2027”, segundo as seguintes bases:

Primeira. Prazos

Establécense os seguintes prazos para a presentación de propostas de estudos propios para o vindeiro curso académico 2026-2027 ante o Centro de Estudos Propios (en diante, CEP):

1. *Másteres de Formación Permanente, Diplomas de Especialización e Diplomas de Experto/a:*

A convocatoria estará aberta **dende o 2 de marzo ao 17 de abril de 2026** para a renovación de cursos xa implantados e propostas de cursos de nova implantación.

Para as propostas institucionais de cursos ás que fai referencia o art. 19.1 do [Regulamento de Estudos Propios da USC](#) (en diante, o Regulamento) rexerá o prazo previsto para os cursos de Formación Continua e de Formación Específica, polo que a convocatoria permanecerá aberta durante todo o curso académico.

2. *Cursos de Formación Continua:*

A convocatoria estará aberta durante todo o curso académico. As propostas deberán presentarse ao CEP cunha antelación mínima de trinta días respecto da data de inicio da preinscrición, para poder ser tramitadas e aprobadas polo Consello de Goberno.

3. *Cursos de Formación Específica (tamén en formato de Microcredencial Universitaria):*

A convocatoria estará aberta durante todo o curso académico. As propostas deberán presentarse ao CEP cunha antelación mínima de trinta días respecto da data de inicio da preinscrición, para ser aprobadas pola Comisión de Estudos Propios.

Poderán propoñerse itinerarios formativos modulares, de conformidade co art. 32 bis do Regulamento, para o que se deberán aprobar as correspondentes microcredenciais universitarias que os integren.

Segunda. Presentación das propostas

A proposta cumprimentarase, dentro dos prazos sinalados no apartado anterior, a través da ligazón <https://aplicacions.usc.es/ofepp/publica/> e axustarase ao disposto no [Regulamento](#), na [Resolución Reitoral sobre Microcredenciais Universitarias](#) e nas directrices incluídas no Anexo a esta convocatoria. Recoméndase a revisión do [“Titorial da aplicación de oferta de Estudos Propios”](#) e as [preguntas frecuentes](#) que se poden atopar na web do CEP.

Necesariamente deberase incluír no apartado correspondente da proposta e en formato PDF:

1. O **informe favorable á realización do curso**, emitido polo departamento, instituto ou centro que o propoña ou ao que pertenza o director ou directora do curso (pode utilizarse o [modelo F20](#)).
2. Se o curso se celebra en modalidade presencial ou híbrida, o **informe no que se autorice a utilización das instalacións ou espazos** onde se vai realizar o curso, emitido pola persoa responsable do centro ou entidade correspondente (pode utilizarse o [modelo F30](#)).

De utilizarse instalacións alleas á USC, incluírase un compromiso de cesión de instalacións, asinado pola entidade correspondente (pode utilizarse o [modelo F35](#)).

3. Se o curso oferta prácticas obrigatorias tuteladas en empresas, os **compromisos de acollida de estudantes** asinados polas entidades interesadas (pode utilizarse o [modelo F40](#)). O número de compromisos de acollida debe corresponderse necesariamente co número máximo de estudantes do curso.

Terceira. Tramitación

Unha vez cumprimentados os datos requiridos, presentarase a proposta a través da aplicación informática de oferta de estudos propios (<https://aplicacions.usc.es/ofepp/publica/>). O CEP revisará o contido da proposta e, de ser preciso, solicitará as modificacións que se estimen necesarias.

Unha vez finalizada a revisión e a tramitación nos órganos pertinentes, informarase á dirección do curso da súa aprobación.

Cuarta. Incidencias

As posibles incidencias técnicas ou da aplicación informática deberán ser comunicadas ao Centro de Atención ao Usuario a través do enderezo cau@usc.gal.

Calquera outra dúbida poderá consultarse directamente no CEP, no enderezo cep@usc.gal.

Santiago de Compostela

O REITOR

Antonio López Díaz

ANEXO

A oferta de cursos propios deberá atender a criterios de calidade, pertinencia académica e, de ser o caso, adecuación á realidade social e económica de Galicia.

1. PROPOSTA DE CURSOS

1.1. Cuestións académicas

A proposta do curso deberá conter os seguintes datos:

- a) *Denominación* do curso, que non pode inducir a equívoco coa utilizada nos títulos doutras universidades nin nos ciclos superiores non universitarios.
- b) *Número total de créditos ECTS* do curso.
- c) *Obxectivos ou resultados da aprendizaxe*. Engadir un máximo de 5 obxectivos ou resultados da aprendizaxe que adquirirá o/a estudante ao rematar o curso.
- d) *Competencias*: Engadir un máximo de 5 competencias que adquirirá o/a estudante ao rematar o curso. Na medida do posible, empregaranse os marcos competenciais [ESCO \(European Skills, Competences, Qualifications and Occupations\)](#).
- e) *Modalidade presencial, virtual ou híbrida* do curso. Neste último caso indicarse a porcentaxe de presencialidade/non presencialidade que corresponda.
- f) *Lugar de celebración* do curso, se a modalidade de impartición é presencial ou híbrida.
- g) *Calendario académico* do curso. Precisaranse as datas de inicio e fin. No apartado “Observacións – horarios”, deberanse indicar as datas do período de docencia e do período de prácticas, de ser o caso.
- h) *Plan docente* do curso. Nel constará a relación de materias coa súa correspondente asignación de créditos ECTS e o carácter obrigatorio ou optativo destas. As materias poderán organizarse por módulos, se o curso así o predetermina na aplicación informática. Cada materia incluírá unha breve descrición do seu contido no apartado “Observacións da materia”.
- i) Nos *Másteres de Formación Permanente, Diplomas de Especialización e Diplomas de Experto/a*, cada materia deberá ter unha *carga lectiva* mínima de 0,5 créditos ECTS.

- j) Nos cursos que ofrezan materias obrigatorias e optativas, as obrigatorias representarán, como mínimo, o 50% dos créditos totais do curso.
Se para superar o curso é preciso cursar un número mínimo de créditos optativos, deberán ofertarse, como máximo, 2 créditos optativos por cada un que teña que cursar o estudantado. Ao formalizar matrícula, o estudantado deberá elixir entre a totalidade das materias optativas ofertadas.
- k) No caso de existir prácticas tuteladas en empresas, indicárase o *carácter optativo ou obrigatorio* destas. As prácticas tuteladas en empresas, sexan obrigatorias ou optativas, deberán incluírse na aplicación como unha materia do curso.
- l) *Procedemento de avaliación* do curso. Para a avaliación dos traballos fin de curso (TFM, por exemplo), debe indicarse se haberá ou non defensa oral en acto público. No caso das Microcredenciais Universitarias, para as que é obrigada a avaliación de competencias, habilidades ou coñecementos, a simple asistencia ao curso non dará lugar á emisión da acreditación de Microcredencial Universitaria. É, polo tanto, imprescindible incluír na proposta o procedemento que se empregará para a avaliación das competencias, habilidades ou coñecementos adquiridos polo estudantado.
- m) Designación do *persoal participante na realización do curso*, con indicación da persoa ou persoas que asuman a súa dirección.
- n) *Cadro docente*. De incluír persoas alleas á USC, recoméndase achegar un breve currículo de cada unha delas (máximo 8 liñas).
- o) *Número máximo e mínimo de estudantes, requisitos xerais e específicos de acceso e criterios de selección e admisión* no curso.
- p) *Prazos de solicitude de admisión e de matrícula*. Ambos trámites realizaranse a través da Secretaría Virtual da USC.
- q) No caso de que a docencia do curso se organice a través de *grupos de estudantes*, será obrigatorio indicar na solicitude a xustificación da necesidade dos grupos, as horas reais de docencia destinadas a cada grupo e a persoa que asumirá esas horas de docencia.

A Comisión do CEP poderá requirir ás persoas proponentes a información complementaria que estime conveniente para unha mellor análise da proposta.

1.2. Cuestións orzamentarias

O orzamento integrarase na proposta do curso e deberá responder aos principios de:

- a) Equilibrio, cunha previsión de ingresos que se corresponda coa previsión de gastos.
- b) Realismo, con indicación dos ingresos previstos a través da matrícula e da sinatura de convenios.

O orzamento realizarase sobre o número mínimo de estudantes, considerando como tal aquel que fai viable a realización do curso.

1.2.1. *Ingresos*

O orzamento do curso consignará as seguintes retencións:

- a) O 15% sobre os ingresos procedentes das matrículas e, de ser o caso, das subvencións do curso. Esta retención corresponderá á dos custos indirectos establecida, con carácter xeral, nos orzamentos da USC.
- b) O 2% do importe total dos ingresos da matrícula, que se destinará ao departamento, centro ou instituto universitario responsable.
- c) O 1% do importe procedente dos convenios, de ser o caso, para a dotación do fondo de continxencia e imprevistos.

Non terán a consideración de ingresos do curso os derivados de prestacións de servizos a terceiros, aínda que sexan desenvolvidas mediante a realización de prácticas do estudantado. Para estes efectos, a dirección do curso deberá determinar:

- a) A unidade ou servizo da Universidade responsable de obter eses ingresos, que se computarán como ingresos desa unidade ou servizo.
- b) De ser o caso, os acordos organizativos e económicos entre o curso e a unidade ou servizo no que o estudantado desenvolva as súas prácticas.

Se a través dun convenio se solicita a tramitación do pago das matrículas do curso mediante factura, a USC considerará as matrículas como provisorias ata que se ingrese o importe da factura no prazo que se determine.

O prezo fixado para a matrícula nos estudos propios será, como mínimo de 20 euros/crédito e como máximo 100 euros/crédito. O prezo mínimo e máximo non será aplicable para os cursos propostos a demanda dunha entidade externa, segundo o establecido no artigo 24. *Prezos da matrícula e outros prezos*, do Regulamento, sen prexuízo do límite retributivo por hora de docencia do profesorado.

1.2.2. *Gastos*

Os gastos do curso estarán suxeitos ás seguintes limitacións:

- a) Retribucións: a retribución en concepto de dirección, sumada, no seu caso, ás de codirección e coordinación, non poderá superar o 20% do orzamento total.
- b) Gasto en docencia: representará, como mínimo, o 40% do gasto total do curso. Comprenderá os conceptos indicados no Regulamento: retribucións do profesorado, pago dos seus desprazamentos imprescindibles para impartir docencia presencial e custo das plataformas informáticas necesarias para a docencia virtual. Para estes efectos, aplicaranse os seguintes importes actualizados segundo o artigo 22 das [bases de execución orzamentaria para 2025](#):

b.1. Retribucións: 150 euros por hora de docencia e 90 euros por hora de dirección ou coordinación de estudos propios.

b.2. Límites máximos globais a percibir anualmente: 12.000 euros por actividade docente e 7.500 euros por dirección ou coordinación.

A suma das retribucións obtidas por actividade docente e por dirección ou coordinación non superará os 15.000 euros.

- c) Axudas de custo e locomoción: deberán corresponder aos desprazamentos necesarios para impartir a docencia do curso. En ningún caso se poderán utilizar as axudas de custo e locomoción como forma de pago dos servizos prestados polo persoal docente.

Non terán a consideración de gastos do curso as axudas de custo e locomoción do estudantado para a realización de prácticas ou doutras actividades académicas noutra localidade. Cando na proposta do título se recollera expresamente o traslado do estudantado a outra localidade para a realización colectiva de prácticas, visitas a empresas ou institucións, ou outras actividades semellantes, o gasto correspondente poderase cubrir mediante a presentación dunha factura na que figuren os custos de desprazamento e, de ser o caso, os custos de aloxamento e manutención.

- d) O importe correspondente á inscrición e/ou aos gastos asociados á asistencia a congresos do profesorado ou do estudantado do curso non se considerará como gastos do curso, agás que figure expresamente na súa proposta como actividade a realizar, estea previsto no orzamento e se solicite a previa autorización á Comisión do CEP, con indicación específica do congreso e das persoas asistentes en cada caso.

- e) O gasto en atencións protocolarias non poderá superar o 8% do orzamento total do curso.
- f) No orzamento deberá recollerse unha previsión de gasto relativa ás cotizacións correspondentes ás prácticas non remuneradas do estudiantado do curso. A previsión dos costes por cada día de prácticas, para a cota empresarial, é a [seguinte](#): 2,67 € por continxencias comúns e 0,33 € por continxencias profesionais (cota máxima mensual: 60,76 € por continxencias comúns e 7,38 € por continxencias profesionais).

2. SOLICITUDE DE MODIFICACIÓNS DA PROPOSTA DE CURSOS

Calquera modificación dunha proposta aprobada deberá ser autorizada pola Comisión do CEP, segundo o establecido no artigo 20 do Regulamento.

2.1. Modificacións do curso

Para non contravir os compromisos adquiridos co estudiantado, non se autorizará ningunha modificación posterior ao inicio do período de matrícula relativa a:

- a) Título do curso ou das súas materias.
- b) Programa, número de créditos e créditos totais das materias, salvo que se trate de actividades docentes complementarias e voluntarias para o estudiantado.
- c) Criterios de acceso e admisión do estudiantado.
- d) Importe da matrícula.
- e) Procedemento de avaliación do curso.

De non acadarse o número mínimo de estudantes matriculados/as, a dirección do curso poderá solicitar que este se realice cun número inferior. Para tal efecto, deberá presentar as correspondentes modificacións na proposta e un novo orzamento que demostre a viabilidade económica do curso.

As modificacións do profesorado correspondente ás materias propias dos Másteres de Formación Permanente deben solicitarse sempre ao CEP para garantir a correcta emisión das actas individualizadas.

2.2. Modificacións do orzamento

Toda modificación no orzamento dun curso deberá ser autorizada previamente pola Comisión, conforme o artigo 20 do Regulamento.

No caso de que o importe dos ingresos obtidos resultara inferior ao incluído na proposta, a dirección do curso deberá reelaborar o orzamento e acadar un axuste exacto entre os gastos e os ingresos efectivos.

No caso de que o importe dos ingresos obtidos resultara ser superior ao incluído na proposta, a dirección do curso deberá presentar unha proposta de modificación do orzamento para incrementar razoadamente os gastos e incidir na mellora da docencia. A proposta de modificación deberá ser aprobada pola Comisión do CEP.

3. MEMORIA FINAL

No prazo dos tres meses seguintes á finalización da docencia do curso, a dirección deste deberá presentar unha memoria final que será avaliada pola Comisión do CEP, segundo o recollido no artigo 22 do Regulamento.

A memoria deberá recoller e xustificar toda desviación respecto do previsto na proposta que, por non ter carácter relevante, non fora previamente autorizada pola Comisión do CEP.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ,
REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 27/02/2026 12:46:42.

CSV: 3B01-4A34-47AC-9A6B